



DQR

DON JAVIER VARELA TEJEDOR, SECRETARIO XERAL ACCIDENTAL DO CONCELLO DE CULLEREDO,  
PROVINCIA DA CORUÑA

CERTIFICA: Que o Pleno da Corporación, na súa sesión ordinaria celebrada en data 24 de novembro de 2016 adoptou o acordo que transcrito literalmente di:

**"3.- PROPOSTA SOBRE APROBACIÓN CONSTITUCIÓN ÁREA METROPOLITANA.**

A Presidencia somete a aprobación do Pleno a proposta da Alcaldía, de data 18.11.2016, que transcrita literalmente di:

**"PROPOSTA AO PLENO CREACIÓN DA ÁREA METROPOLITANA DE A CORUÑA**

Con data 20 de outubro de 2016, os Alcaldes de A Coruña, Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo e Oleiros subscribimos unha Declaración de Constitución da Área Metropolitana, denominada Declaración de María Pita, que acompañase como anexo a proposta; nela xustifícanse as razóns polas cales consideramos a necesidade da súa constitución.

A proposta da constitución desta entidade local, ven dada, despois dun traballo intenso feito ao longo de 6 meses nas Mesas de Traballo constituídas:

- Abastecemento da Auga e Saneamento,
- Biodiversidade, Ria do Burgo e Reserva da Biosfera.
- Transportes e Comunicacións.
- Infraestruturas da Área.
- Recollida e tratamento do lixo.

Que viñeron a confirmar a interdependencia existente entre os municipios da posible Área Metropolitana e a necesidade de concertar, para unha mellor prestación dunha serie de servizos e infraestruturas e a necesidade imperiosa de planificar o futuro conxuntamente e un mellor aproveitamento dos recursos endóxenos do Territorio Metropolitano, constatando que abordar os problemas individualmente non é a solución completa e con garantías de solución.

Polo que se propón o Pleno adopte os seguintes acordos:

1. Aprobación da denominada Declaración de María Pita.
2. Aprobar a Constitución da Área Metropolitana de A Coruña de conformidade co artigo 43 da Lei 7/1985 de Bases de Régime Local, e a creación da mesma de conformidade co artigo 122.1 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia.
3. Instar ao Concello de A Coruña, a adopción deste acordo no seu Pleno.
4. Facultar o Alcalde para a execución deste acordo."

Iniciada a quenda de intervencións fai uso da palabra o Alcalde-Presidente, Sr. Sacristán de Diego, e di que na proposta hai que incluir Sada xa que foi un dos concellos asinantes da Declaración de María Pita á que se fai referencia e que por erro se omitiu (.../...)

Rematadas as intervencións, a Presidencia somete a votación ordinaria a proposta da alcaldía, de data 18.11.2016, coa inclusión do Concello de Sada que por erro se omitiu na mesma, obténdose o seguinte resultado:



Votos a favor: 16 (dezaseis), dos Sres/as: Sacristán de Diego, Rioboo Castro, Pombo Carril, Taibo Monelos, Varela Corbelles, Iglesias Lovelle, Iglesias Becerra, Suárez García, Figueira Fuentes, Ferreiro Varela, Cortés Sánchez, Carballeda Feijoo, Santos Iglesias, Rivadulla Deschamps, Taibo Gago e Chouciño Garrido.

Votos en contra: 4 (catro) dos Sres/as: Cañas Varela, Fariñas Seoane, Ramos Luna, Moscoso Muíños,

Abstencións: 1 (unha) do Sr. Vázquez Lozano.

Á vista do resultado da votación declarase aprobada a proposta da Alcaldía, de data 18.11.2016, coa inclusión do Concello de Sada, polo que devén en acordo nos seguintes termos:

#### "PROPOSTA AO PLENO CREACIÓN DA ÁREA METROPOLITANA DE A CORUÑA

Con data 20 de outubro de 2016, os Alcaldes de A Coruña, Bergondo, Betanzos, Cambre, Culleredo, Oleiros e Sada subscrimos unha Declaración de Constitución da Área Metropolitana, denominada Declaración de María Pita, que acompaña como anexo a proposta; nela xustifícanse as razóns polas cales consideramos a necesidade da súa constitución.

A proposta da constitución desta entidade local, ven dada, despois dun traballo intenso feito ao longo de 6 meses nas Mesas de Traballo constituídas:

- Abastecemento da Auga e Saneamento.
- Biodiversidade, Ría do Burgo e Reserva da Biosfera.
- Transportes e Comunicacións.
- Infraestruturas da Área.
- Recollida e tratamento do lixo.

C.I.F. P.1503100-H

Que viñeron a confirmar a interdependencia existente entre os municipios da posible Área Metropolitana e a necesidade de concertar, para unha mellor prestación dunha serie de servizos e infraestruturas e a necesidade imperiosa de planificar o futuro conxuntamente e un mellor aproveitamento dos recursos endóxenos do Territorio Metropolitano, constatando que abordar os problemas individualmente non é a solución completa e con garantías de solución.

Polo que se propón o Pleno adopte os seguintes acordos:

1. Aprobación da denominada Declaración de María Pita.
2. Aprobar a Constitución da Área Metropolitana de A Coruña de conformidade co artigo 43 da Lei 7/1985 de Bases de Régime Local, e a creación da mesma de conformidade co artigo 122.1 da Lei 5/1997 da Administración Local de Galicia.
3. Instar ao Concello de A Coruña, a adopción deste acordo no seu Pleno.
4. Facultar o Alcalde para a execución deste acordo."

E para que conste ante o Concello da Coruña, coa salvidade prevista no artigo 206 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Régime Xurídico das Entidades Locais aprobado por Real Decreto 2568/1986, de 28 de novembro, expido a presente de orde e co visto e prace do sr. alcalde, en Culleredo, a dezaseis de decembro do ano dous mil dezaseis.

Vº e prace,  
 O Alcalde-Presidente  
 Julio Sacristán de Diego



2 de 2